

I. O final da Prehistoria en Galicia: a Idade do Ferro e o tempo dos castros

1. Introducción

As etapas finais do período prehistórico adoitan definirse baixo o termo protohistoria, que fai referencia aos tempos de transición entre a Prehistoria e os comezos da Historia, marcada pola introdución da escritura.

O final da Prehistoria en Galicia, ou entón, a Protohistoria de Galicia, vén determinada pola Idade do Ferro e, especificamente, pola cultura castrexa; período situado no primeiro milenio a. C. (entre o 900/800 a.C. e a chegada de Roma).

A cultura castrexa toma nome da súa principal manifestación arqueolóxica, ben coñecida por todos: os castros. Os castros son poboados fortificados permanentes e estables, e representan as primeiras formas de vida urbana da Prehistoria do Noroeste peninsular. Trátase de recintos que posúen arquitecturas domésticas, casas, recintos para o gando, silos de almacenamento, alxibes, fontes e espazos públicos para a realización de cerimoniais; asentamentos que foron reforzados con complexos sistemas de murallas, foxos, parapetos e cercas, que terían carácter defensivo.

O fenómeno dos poboados fortificados non é exclusivo do noroeste peninsular, senón que é común a moitos outros territorios. Hoxe enténdese como expresión da expansión demográfica que experimentan comunidades europeas a partir do primeiro milenio, e que se traduciu na creación de asentamentos permanentes e estables no tempo, con estruturas sociais máis complexas que nos períodos prehistóricos anteriores. Algúns destes poboados indíxenas, prerromanos, perduraron tras a chegada de Roma, converténdose en centros políticos da organización territorial que impuxeron os romanos.

Sen lugar a dúbidas, o tempo dos castros é unha das etapas máis salientables da historia de Galicia. Ben sexa porque Galicia conserva varios miles de castros ou ben porque no acervo cultural galego a cultura castrexa ten adquirido unha relevancia senlleira, as paisaxes castrexas son únicas no contexto peninsular. Castros ben coñecidos como os de Baroña (Porto do Son), Viladonga (Lugo) ou Santa Trega (A Guarda), entre outros, continúan impresionando hoxe os visitantes como xa o facían no pasado.



Fotografía aérea de dron do sector central do Castro de Santa Trega (A Guarda)

2. Os castros nos territorios e paisaxes galegas

Coa Idade do Ferro desenvólvese en Galicia a primeira paisaxe fortificada da Prehistoria. Trátase de poboados proturbanos ou urbanos que podemos definir como pequenas aldeas indíxenas fortificadas denominadas castros. A presenza deste tipo de asentamentos pódese rastrexar en todo o Noroeste peninsular, abranguendo territorios que comprenden o norte de Portugal, Galicia, parte da provincia de León e Asturias.

As investigacións actuais realizadas por Brais Currás dan conta duns 4.500 castros en todo o Noroeste da península ibérica, cunha cartografía que permite observar que ocupan todo tipo de territorios e paisaxes. Certo é que moitos deles están localizados sobre emprazamentos elevados, topografías relevantes que proporcionaban amplas panorámicas de zonas próximas. Noutros casos sabemos que estaban localizados en relación a redes comerciais ou arredor á explotación de recursos naturais. Ademais, a súa morfoloxía e organización virán determinadas pola diversidade de paisaxes onde se establezan estas comunidades.

Os estudos concluíron que nos momentos iniciais (I Idade do Ferro) foi común a construción dos castros en altura, un tipo de poboamento que de seguro xa se viña difundindo desde finais da Idade do Bronce. Neste período os castros sitúanse en terreos notables, orografía escarpada, feito que permite obter boas defensas naturais, complementadas con foxos, terrapléns e murallas que cercan os poboados. As investigacións de Javier Rodríguez Corral descubren que, malia que estas localizacións proporcionan un control visual do territorio e evidencian unha elección estratéxica, asemade parecen sacrificar as posibilidades de desenvolvemento e a relación coas contornas naturais, así como o acceso ás zonas de val onde se adoitaban atopar as terras máis produtivas.

Os castros destes momentos iniciais son de pequenas dimensións, apenas transforman o espazo que ocupan e posúen unha reducida monumentalidade. Ademais manteñen unha organización interna moi simple, sen unha ordenación clara nin diferenciacións entre os ámbitos familiares e públicos. Exemplos senlleiros deste tipo de castros serían o da Graña (A Coruña) ou Penarrubia (Lugo), situados sobre pequenos promontorios xeográficos.

A partir de mediados do primeiro milenio (s. V e, sobre todo, s. IV a. C.) comeza o período coñecido como II Idade do Ferro, na que o mundo castrexo sofre toda unha serie de transformacións cara a unha maior complexidade e xerarquización nas comunidades. Neste momento, a localización dos castros presenta máis diversidade nos emprazamentos, vales e áreas de media ladeira, proximidade de recursos económicos, como as terras fértiles, aínda que non parecen perder esa elección estratéxica en territorios con topografías elevadas. Estes recintos adoitan reflectir maior monumentalidade, con sistemas defensivos elaborados e murallas divididas. Os cambios obedecerían a un crecemento demográfico xeneralizado, que aumentaría a competitividade entre as comunidades e, en consecuencia, a necesidade de elementos defensivos de maior envergadura.



Fotografía dunha vivenda do Castro de Santa Trega (A Guarda)

Os castros da II Idade do Ferro presentan xa unha organización interna evidente, con diferenciación dos espazos familiares e públicos. As vivendas adoitan ser máis reducidas, quizais indicando o seu emprego como ámbitos domésticos, e coexisten con outras formando barrios con patios comúns. Prolifera tamén construcións dirixidas á comunidade, como almacéns, obradoiros e alxibes para o almacenamento de auga. Deste momento podemos destacar castros ben coñecidos en Galicia, como Baroña (Porto do Son) ou Santa Trega (A Guarda); este último localizado no cumio do monte Trega, nun promontorio natural que posúe unha ampla visibilidade sobre a desembocadura do río Miño.

A partir do s. II a. C. proliferan no noroeste castros de gran tamaño denominados *oppida* ou citanias. Estes posúen estruturas urbanas desenvolvidas que albergan máis habitantes e outorgan maior relevancia aos elementos comunais, como sumidoiros, alxibes, empedrado das rúas, portas monumentais etc. Os exemplos máis coñecidos son as citanias de Briteiros ou Monte Mozinho, os dous en Portugal; ou San Cibrao de Las (Ourense), no caso de Galicia.

3. O urbanismo castrexo

Un dos elementos arquitectónicos máis interesantes dos castros son as súas vivendas. De tamaño variable, as máis comúns teñen entre 15 e 20 m², con planta circular. A argamasa utilizada para levantar estas construcións era de materia orgánica, con muros de madeira entretexida e

revestida probablemente de barro. O teito adoitaba ser en forma cónica, de material vexetal, soportado nos extremos por vigas e por un ou varios piares de madeira centrais. Algunhas vivendas presentan tamén vestíbulos e anexos, como amosan algúns dos exemplos no castro de Santa Trega (A Guarda).

O interior das vivendas tiña catro compoñentes fundamentais. O pavimento, que adoitaba ser de terra pisada ou arxila batida; o lar, espazo central dedicado a facer lume; e os fornos, orientados á cocción de pan e outros alimentos, situados nos vestíbulos.

A medida que avanzamos na Idade do Ferro, a pedra vaise converter no elemento construtivo máis común. De maneira progresiva introdúcense tramas urbanas, con conxuntos de vivendas dispostas en torno a patios centrais, edificios de planta elíptica ou rectangular. Algunhas destas construcións, sobre todo aquelas de grandes dimensións, probablemente serviron como lugares de asembleas comunais. Isto coincide coa presenza doutros edificios de carácter ritual: as saunas. Trátase de estruturas de planta rectangular con paredes moi grosas e teitos realizados en falsa cúpula mediante unha técnica coñecida como aproximación de fiadas, nos que tiñan lugar baños de vapor rituais.

No relativo aos materiais construtivos, a cachotería é o aparello máis frecuente na cultura castrexa. Trátase de pedras graníticas, apenas labradas e de tamaño irregular, que podían utilizarse en seco ou trabadas mediante pedras pequenas e terra. Nalgúns castros documéntanse outros aparellos máis regulares, quizais unha mostra de avance técnico, con bloques graníticos ben labrados e axustados entre eles, caso do Castro de San Cibrao de Las (Ourense). Nas zonas lucenses e asturianas destacan os aparellos de fiadas horizontais, con placas de xisto ou lousa asentadas

con arxila ou cuñas de pedra de forma horizontal. A investigación tamén recolle a existencia de aparellos de gran tamaño, denominados ciclópeos. Isto é, bloques de pedra enormes que adoitan utilizarse nas murallas, como no castro de San Millán (Cualedro).

4. A vida cotiá

A vida nos castros pódese reconstruír a partir da evidencia material, que nos fala directamente das dinámicas sociais e políticas das súas xentes. Ata a actualidade non se atoparon restos arqueolóxicos das formas de enterramento das comunidades castrexas, o que provoca que o noso coñecemento do seu mundo funerario sexa moi limitado.

A sociedade era eminentemente comunal, aínda que a medida que avanzamos no tempo existirían procesos de asimetría e xerarquización social. A economía era autárquica, isto é, autosuficiente, con poboacións que viviron dependendo dos recursos naturais inmediatos. A agricultura e a gandería foron as actividades máis relevantes, destacando a presenza de bóvidos e cabalos, pero tamén a caza, en particular do cervo. Completaban o cadro a pesca e a recolección de froitos.

A esta imaxe xeral poderíamos sumar a explotación frecuente doutros recursos naturais, como a pedra, para a construción das diferentes arquitecturas dos poboados; as arxilas, para a elaboración de cerámica, co traballo específico de oleiros locais que adquiriron gran destreza técnica, ou a madeira para o uso diario e construtivo. Por outra parte, sabemos tamén que a explotación de certos minerais para as actividades metalúrxicas, como cobre, estaño, ferro e ouro, ocupaban boa parte da vida dalgúns destas comunidades. Xa a partir do s. I, coa presenza romana, levántanse asentamentos especializados, orientados á extracción do ouro e á súa comercialización.



Fotografía aérea de dron do Castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños)

II. Orixe da Historia en Galicia: a chegada dos romanos

1. Introducción

A chegada dos romanos a Galicia marcou o paso cara á historia, deixando atrás a Idade do Ferro. Iniciouse así unha etapa decisiva para a evolución deste territorio. O propio topónimo da actual Galicia deriva do nome *Gallaecia*, co que os romanos identificaron a rexión noroccidental da península ibérica. Distinguiron nela desde un principio o carácter peculiar da cultura castrexa, desde o río Douro ata o Cantábrico, e incluíndo ao oeste os territorios de Asturias e das provincias de León e Zamora. Foron, precisamente, os autores clásicos (Estrabón, Plinio, Salustio, Marcial, Mela ou o propio Xulio César), os primeiros en deixaren referencias sobre os pobos do Noroeste, describindo os seus costumes ou a súa distribución xeográfica.

A pegada romana de Galicia queda reflectida na presenza de dous monumentos excepcionais desta cultura: a maior muralla urbana conservada en pé en todo o Imperio, a de Lugo, e o único faro activo desde a Antigüidade, a Torre de Hércules. De igual xeito podemos destacar outros vestixios, como as *villae* romanas de Toralla (Vigo) ou de Cambre, así como as salinas de Vigo ou o campamento militar de Aquae Querquennae (Bande).

2. Conquista

O proceso de conquista desenvolveuse en tres fases, dando comezo polo sur, entre os ríos Douro e Limia. Foi no ano 132 a. C. cando se produciron as primeiras incursións romanas de Décimo Xuño Bruto. A súa prioridade era acabar coa axuda que os galaicos prestaban aos lusitanos, así

como explorar a rexión. Aquí ten lugar o popular episodio do Limia, coñecido como o río do Esquecemento. Segundo a tradición, aquel que o atravesaba perdía a memoria. Cando os romanos, temerosos, se negaron a avanzar, Décimo Xuño Bruto cruzouno e chamou os soldados polo seu propio nome para demostrarlles a falsidade da lenda. Este valoroso xeneral recibiría polos seus triunfos na rexión o alcume do Galaico.

Habería que esperar ata o ano 61 a. C. para que Xulio César protagonizase unha segunda expedición, esta vez por mar, co seu desembarco en *Brigantium* (A Coruña). Aínda que os galaicos se ían mesturando pouco a pouco coa cultura romana, a figura de Augusto sería clave para unha terceira e definitiva conquista. Nesta fase tiveron lugar as guerras asturcántabras (29-19 a. C.) para someteren as rexións de Asturias e Cantabria, e finalmente Galicia. A *pax octaviana* impúxose coa vitoria das lexións romanas no Monte Medulio, na beira do Miño. Aquí a resistencia galaica acadou tal sona que este lugar se acabou convertendo nunha referencia moi popular, malia que na actualidade descoñecemos o lugar exacto no que se localizaba. Desde este momento, toda Hispania estivo baixo o control do recentemente inaugurado Imperio Romano.

3. Organización territorial

Gallaecia foi modificando o seu territorio baixo diversos mandatos imperiais. Segundo Dion Casio, a partir do ano 27 a. C. produciuse unha reestruturación das provincias hispánicas, pero o territorio do norte aínda non estaba



Muralla romana de Lugo

controlado, polo que a reorganización definitiva das provincias terá lugar durante as estancias do emperador Augusto na península. Nesta ocasión sería cando *Gallaecia* e *Asturia*, por razóns estratéxicas, pasarían ao goberno da Citerior Tarraconense. Así mesmo, *Gallaecia* dividiuse en tres circunscricións territoriais ou *conventus iuridici*: o Bracarense, o Lucense e o Asturicense. Finalmente, no ano 298, *Gallaecia* converteuse nunha das cinco provincias de *Hispania* despois da reforma de Diocleciano.

4. O hábitat

A presenza romana trouxo novas formas de hábitat e, en particular, o desenvolvemento da vida urbana. O primeiro momento estivo marcado polas fundacións augusteas coas tres principais cidades do Noroeste: *Bracara Augusta* (Braga), *Asturica Augusta* (Astorga) e *Lucus Augusti* (Lugo), sendo, nos tres casos, un campamento das lexións asentadas na rexión durante as guerras do Cantábrico a orixe do asentamento. A continuación, no último terzo do século I, agromaron diversos núcleos urbanos impulsados pola dinastía flavia, como *Aquae Flaviae* (Chaves, Portugal), *Iria Flavia* (Padrón) etc.

Cómpre destacar, de maneira moi particular, a cidade de Lugo, a máis antiga de Galicia. En nome do emperador Augusto, Paulo Fabio Máximo fundaría a cidade a finais do s. I a. C. *Lucus Augusti* converteuse nun importante nó de comunicacións, o que facilitaría o seu rápido crecemento urbano. Posuía un acueduto que captaba auga de mananciais próximos e co tempo acolleu importantes *domus*, como a do Mitreo ou a Oceani. A famosa muralla, icona da cidade actual, de máis de dous quilómetros de percorrido, levantouse a finais do s. III cando Roma comezou a sentir a ameaza bárbara.

Pero máis que de grandes cidades, o territorio galaico foise enchendo de núcleos de mediano tamaño, chamados tamén “aglomerados secundarios”; entre outros, *Tude* (Tui), *Brigantium* (A Coruña), *Auria* (Ourense) ou *Turoqua* (Pontevedra). Xunto a eles apareceron pequenos asentamentos, *vici*, similares a aldeas, ademais de *villae*, grandes vivendas tanto no interior como na costa (*villae a mare*). Estas *villae* desenvolven un importante papel económico ben como enclaves agropecuarios ou ben pesqueiros (factorías de salgadura).

Estas novas formas de asentamento non eliminaron por completo o hábitat castrexo. Moitos castros seguiron en uso e algúns ampliaron as súas dimensións e sofisticaron as súas estruturas. Cómpre destacar os de San Cibrao de Las (Punxín-San Amaro), Viladonga (Castro de Rei) ou Elviña (A Coruña), entre outros.


5. A rede viaria

Tres foron as vías romanas que organizaban o territorio noroccidental, unindo as súas capitais (Braga, Lugo e Astorga) nun percorrido triangular. Para coñecelas contamos, como principal fonte, coa compilación do *Itinerario Antonino*, escrito en época do emperador Caracala. Aquí se recollen as vías XVIII, ou Vía Nova, que unía Braga con Astorga (atravesando a actual provincia de Ourense); a XIX, que conectaba Braga con Lugo e Astorga, e a XX, que enlazaba Braga con Astorga (pola costa). Ademais dispoñe-

mos de numerosos miliarios, grandes sinais de pedra para marcar as distancias entre os principais puntos da ruta. Como curiosidade, hai que comentar que Galicia é a rexión romana onde máis miliarios apareceron.



Fotografía do miliario dedicado ao emperador Caracalla no ano 213 d.C., procedente de Monterroso, Lugo (na actualidade atópase no atrio da Facultade de Xeografía e Historia, USC) Santiago de Compostela



Modelo 3D do miliario anterior

Estas calzadas foron decisivas á hora de impulsar o desenvolvemento de numerosos asentamentos. Cada 20 ou 30 km promovían establecementos para o descanso dos viaxeiros, *mutationes* e *mansiones*; orixe de vilas e cidades actuais. De xeito particular os romanos aproveitaron aqueles lugares dotados de augas termais (por exemplo, *Aquis Celenis*, Caldas de Reis, na Vía XIX).

6. Actividades económicas

Dentro das actividades económicas sobresaie a minería debido á riqueza que xeraba. Cómpre salientar a excepcional produción de ouro lograda nas Médulas, en territorio leonés. Aquí os romanos idearon un extraordinario e complexo sistema de enxeñaría para extraer o mineral agochado no interior das montañas, derrubando estas mediante inxentes cantidades de auga (*ruina montium*).

Ademais, segundo avanza as investigacións, parece confirmarse unha intensa actividade comercial, que incluía exportacións e importacións de diversos produtos a través dos portos das cidades da Coruña e Vigo pola ruta atlántica.

7. A vida cotiá

A presenza romana trouxo consigo melloras nas vivendas máis luxosas como o emprego de tellas, vidro nas ventás, incorporación de baños e sistemas de calefacción (hipocaustos), e avances no urbanismo (acuedutos, cloacas e sumidoiros, termas e latrinas, entre outros). As elites levantaban magníficas construcións con todo tipo de comodidades e ricamente decoradas con mosaicos e frescos.

Respecto da alimentación, a súa base seguiría sendo cerealeira e as principais novidades na dieta teñen que ver coa intensificación e diversificación da produción agropecuaria. Sobresaie a incorporación de salgadura de



Fotografía dunha tumba romana da vila de Peneiro (Outeiro de Rei, Lugo)

peixe, que se elaboraba en factorías galaicas (das que conservamos bastantes exemplos, entre os máis destacados Noville, en Mugardos, ou O Areal, en Vigo). Esta conserva levou o peixe a lugares onde apenas era unha rareza. Hai dúbidas sobre o alcance da produción de viño, pero o seu consumo está ben testemuñado. Pola contra, moi escasa sería a presenza de aceite debido ao elevado prezo da súa importación.

8. Relixión

No campo das mentalidades tiveron lugar cambios significativos. A escritura chegou da man dos romanos e con ela os galaicos comezaron a deixar constancia dos seus rituais funerarios (descoñecidos para nós no mundo castrexo). Son frecuentes as estelas funerarias que, como as lápidas dos nosos cemiterios, acompañaban os restos de inhumación ou incineración nas necrópoles da época.

Os galaicos contaban cun numeroso panteón de divindades castrexas que se viu enriquecido coas deidades propias dos romanos. Déronse casos de asimilación ou sincretismos que se conxugaban vellas e novas crenzas. Así coñecemos un Xúpiter Larouco ou un Marte Bandua, grazas a aras ou altares dedicados a estes deuses. Como no caso funerario, o hábito votivo é romano pero este agocha elementos castrexos.

Non foi ata finais do século III cando a cristianización gañou pulo. Aquí a figura de Prisciliano acaparou un enorme protagonismo como nova doutrina cristiá de carácter ascético. Todo parece indicar que Prisciliano comezou a predicar arredor do ano 375 a través das igrexas hispanas. A súa influencia estenderíase sobre todo pola *Gallaecia*, pero tamén polo sur das Galias, e acadaría tal relevancia que no ano 381 foi nomeado bispo de Ávila. Prisciliano defendía unha vida ascética e rigorista que implicaba o celibato, a virxindade, o xaxún, a pobreza, o retiro espiritual ou a lectura dos libros sagrados, incluídos os apócrifos que o canon eclesiástico das Escrituras deixara fóra; mentres tamén as mulleres participaban activamente no seu grupo. As súas prácticas e crenzas eran contrarias ás ideas defendidas pola Igrexa oficial. Tras converterse o cristianismo na única relixión oficial do Imperio Romano, co Edicto de Tesalónica do emperador Teodosio no ano 380, Prisciliano foi condenado e executado na cidade de Tréveris.

Neste mesmo contexto cabe mencionar a monxa Exeria, quizais unha priscilianista oriúnda da Gallaecia, quen iniciou a súa ruta de peregrinación a Terra Santa no ano 381. Recolleu a súa experiencia, partindo das “ribeiras máis afastadas do océano occidental cara ao Oriente”, na obra *Itinerarium ad loca sancta*, primeiro relato de viaxes do que temos constancia.

<https://dx.doi.org/10.15304/9788410142039>

